

Estratexias simbólicas¹

Sol Worth e Larry Gross

O mundo non se nos presenta directamente. No proceso de virar humanos, aprendemos a recoñece-la existencia de obxectos, persoas e acontecementos cos que nos encontramos e a determina-las estratexias por medio das que podemos interpretalos e asignarlles significado.

Os nosos encontros co mundo poden pensarse como se fosen tanto naturais coma simbólicos, na medida en que decote facemos distincións entre acontecementos que temos por naturais e acontecementos que imos interpretar simbólicamente. Cales son, logo, as condicións que rexen esa avaliación? Qué estratexias usamos por mor de lle asignar significado ós acontecementos naturais e simbólicos?

A interpretación do significado dun acontecemento natural, ou o asignamento de significado a un lugar nun esquema de cousas, encarna no recoñecemento que facemos da existencia dese acontecemento. Por outra banda, a interpretación do significado dun acontecemento simbólico encarna no noso recoñecemento da estrutura que ten (quere dicir, no recoñecermos-la posible significación comunicativa). Por mor de recoñece-la estrutura que define un acontecemento de comunicación, en canto se distingue dun acontecemento natural, temos que aportar a ese acto de recoñecemento a presunción de intención. Temos que asumir que a estrutura do que recoñecemos é, en certo senso, “feita”, efectuada² ou producida co propósito de “simbolizar” ou comunicar.

O declara-los acontecementos naturais ou simbólicos determina que usemos unha estratexia interpretativa que imos chamar atribución ou unha estratexia interpretativa que imos chamar inferencia comunicativa.

Permítasenos pór un exemplo. Vai un camiñando por unha rúa e a certa distancia ve un home deitado no chan. Segundo un se vai achegando, decátase de que parece estar ferido. Ó avaliar tal situación, se asumimos que é un acontecemento natural, preguntámonos: Qué é o que pasou? E “Qué debería (ou podo) facer?”. En todo caso, se apreciamos unha nota prendida na camisa que pon: “*sic semper tyrannis*”, podemos facer unha avaliación ulterior e máis complexa. Supoñamos que lembremos, nese momento, que unha guerrilla ou un grupo de teatro están a actuar no vencindario en que vivimos ou que limos sobre un teatro de guerrilla nun libro. A nosa avaliación da situación podería ser entón un tanto diferente. En canto a posibilidade de asumi-lo propósito comunicativo entra na declaración, poderíamos logo empregar un conxunto distinto de regras para interpreta-lo significado dese acontecemento (as convencións do teatro de guerrilla). Baixo tales regras, pode un preguntarse “Qué é o que significa? Cómo podo chamarlle?”.

Permítasenos agora toma-la mesma situación nun contexto formal e social que a etiqueta máis claramente a xeito de simbólica. Imos ó cinema e vemos un filme que podemos chamar “ficción” ou “figuración”. Comeza cunha toma dunha rúa na que a cámara se achega a un home deitado, segundo describimos máis arriba. O filme pasa logo por corte ó plano curto da cabeza dun home e logo ó plano dunha nota engachada á camisa que leva. Non ten dúbida de que na nosa cultura, un afeccionado ó cinema, asumindo a intención comunicativa, non se preguntaría: “É real?” ou “Qué é o que podo facer?”, senón máis ben “¿Qué é o que significa?” e, aínda máis, na nosa cultura ese espectador espera aprende-la resposta a esa e moitas outras preguntas no curso do filme.

Este exemplo máis ben raro pode axudarnos a diferenciar tres tipos básicos de situación e mailas estratexias interpretativas que evocan. O primeiro grupo é o das que chamamos situacións de significado existencial. Danse cando persoas, obxectos e acontecementos ós que prestamos atención se avalían rápidamente estimando que non teñen significado simbólico alén do feito da existencia. Os problemas de comunicación e de interpretación do significado non serán particularmente relevantes nestas situacións.

O segundo grupo é o de situacións de significado ambiguo. Nestas, hai algo no acontecemento ou no contexto do acontecemento que nos fai parar e avalia-lo en termos de posible significancia³ ou significación a xeito de acontecemento simbólico. Procuramos logo signos adicionais nos que basea-la nosa elección dunha estratexia interpretativa apropiada.

¹ Symbolic Strategies, *Journal of Communication* 24 (1974): 27-39.

² Ou “posta en acción, actuada”, no orixinal inglés pon “performed”.

³ Ou “significatividade”, “condición significativa”, no or. ing. “significance”.

O terceiro grupo inclúe situacións das que “sabemos” claramente que son simbólicas e comunicativas. Chamámoslles situacións de significado comunicativo. Lemos libros, imos ó cinema, falámoslle ós amigos e interactuamos de maneiras nas que se invocan estratexias particulares para a interpretación de códigos simbólicos. Son situacións nas que non hai ambigüidade no que atinxe á natureza comunicativa do acontecemento. Ser membro dunha cultura “di” a cada quen que certos acontecementos son comunicativos. Os problemas de interpretación que xorden nas situacións de comunicación claramente marcadas terán relación coa asignación dun significado específico, (ou de significados específicos) que se poden inferir dalgún acontecemento específico.

As persoas, obxectos e acontecementos cos que nos atopamos tamén se poden clasificar a xeito de “acontecementos-sígnicos”⁴ ou a xeito de “acontecementos-non-sígnicos”⁵. Os acontecementos non sígnicos son aquelas actividades da vida cotiá que non evocan o uso de estratexia ningunha para determina-los significado que poidan ter.

A figura 1 describe o contexto máis amplo no que os seres humanos interactúan co entorno e coas persoas, obxectos e acontecementos que perciben e recoñecen. En certos contextos, a xente aprende a tratar algunhas destas situacións a xeito de signos ós que poden asignar significado existencial ou simbólico.

É importante apreciar que a distinción entre acontecementos sígnicos e non sígnicos non se debe tomar a xeito de clasificación categórica de ningún tipo de acontecementos, persoas ou obxectos en particular. Pode asignárselle valor de signo a todo acontecemento, dependendo do correspondente contexto e do contexto do observador. Igualmente, pode desatenderse calquera acontecemento e non se tratar a xeito de signo.

Os acontecementos sígnicos poden ser naturais ou simbólicos, mais teñen sempre a propiedade de se usar na interpretación do significado. Se nós avaliamos que son naturais, pode que non fagamos máis que advertir tácitamente a súa existencia e interactuar con eles en certo número de formas adaptativas (que requiren pouca interpretación consciente ou mesmo tácita do significado). Podemos atribuírlle posteriormente características estables, transitorias ou situacionais. Se, por outra banda, avaliamos que son cousa simbólica, asumimos consciente ou tácitamente o propósito implicativo e podemos meter en liza aquelas estratexias de interpretación polas que inferimo-lo significado dos acontecementos comunicativos.

Un termo ulterior que imos empregar na nosa exposición crítica é o de articulación. Un acontecemento articulado é o que produce a musculatura dunha persoa, o que se produce co uso de ferramentas ou co uso da musculatura e mailas ferramentas. O acontecemento articulado hai que o concebir a xeito de cousa mediada polo uso dun modo comunicativo (palabras, música e cousas parecidas). Un acontecemento articulado é un acontecemento simbólico. (Un acontecemento natural poden produci-lo accións humanas ou non humanas, e pode tratarse a xeito de simbólico. Sexa como for, a condición sígnica dun acontecemento natural existe só e unicamente porque, nun contexto determinado, os seres humanos tratan o acontecemento a xeito de signo. Un exemplo de acontecemento natural sería o dunha árbore a se dobrar co vento, que se pode tratar como signo dunha treboada por chegar. Exemplo do mesmo acontecemento tratado como se fose articulado e simbólico sería, nun filme, un plano curto dunha árbore a se dobrar co vento interpretado a xeito de implicación debida ó director de que está por chegar unha treboada.)

Os acontecementos, logo, poden produci-los entidades humanas e forzas naturais, mais a correspondente “condición sígnica” sempre a asigna un observador que lle pode adverti-la diferenza dentro do seu propio

⁴ Ou “acontecementos signo”, no or. ing. “*sign-events*”

⁵ Ou “acontecementos non signo”, no or. ing. “*nonsing events*”.

contexto cultural entre aqueles acontecementos que son articulados (tratados logo a xeito de intencionais e comunicativamente simbólicos) e aqueles acontecementos que son existenciais e naturais. Coñecer e declarar esa diferenza é decote difícil e problemático. Ocúpannos as estratexias que a xente usa para resolver ese problema: son naturais ou comunicativas?

A comunicación poderá entón definirse dicindo que é un proceso social, nun contexto, no que os signos se producen, transmiten, preciben e tratan a xeito de mensaxes das que se pode inferir-lo significado.

Imos pasar revista brevemente a algúns dos termos que xa empregamos e situálos no contexto desta definición da comunicación. O concepto de articulación e interpretación debe terse por relevante tanto para a produción coma para a transmisión de signos, secomasí para a percepción e tratamento deles. Mentre-la percepción e tratamento dos acontecementos simbólicos poden concibirse a xeito de actos de interpretación, e a produción e maila transmisión poden verse a xeito de actos de articulación, é máis fecundo velos como partes dun proceso. Articulamos en termos das interpretacións subsecuentes das que temos expectativas, do mesmo xeito que implicamos só nos termos que esperamos que usen os outros cando fagan inferencias.

En tal situación un cambia e móvese, mentalmente, para atrás e para adiante, entre a articulación e a interpretación, preguntándose: “Se o digo (ou pinto, ou o secuencio nun filme deste xeito, farei (igual que farán outros) que teñan sentido, dadas as convencións, regras e estilo no que estou a traballar?”

Volvendo á nosa definición, debería de estar claro que o significado non é inherente ó propio signo, senón que está máis ben no contexto social, do que as convencións e regras dictan as estratexias articularias e interpretativas que teñen que invoca-los produtores e intérpretes de formas simbólicas. A nosa visión é que o significado comunicativo pode inferirse só cando unha estratexia interpretativa asume que a produción e maila transmisión son articularias e intencionais. No senso comunicativo, logo, a articulación é simbólica e implicativa e as estratexias intepretativas desígnanse en contextos sociais por mor de facer inferencias das implicacións.

Pode facerse agora unha distinción crítica en termos de responsabilidade social entre o comportamento que se concibe a xeito de intencionalmente comunicativo e o que o non o é. Ténsenos a todos por responsables de certos aspectos do noso coñecemento. No senso máis sinxelo, somos todos do máis responsable polo noso comportamento intencionalmente comunicativo. Un tic do ollo non se pode ter por ofensa social; unha chiscadela pode tomarse así en certas circunstancias, mesmo se o acontecemento físico pode ser exactamente o mesmo en ambos a dous contextos interpretativos. É o noso coñecemento das convencións o que goberna o comportamento social en xeral, e o comportamento comunicativo en particular, o que nos permite determina-la intencionalidade do comportamento e, daquela, a natureza e alcance da responsabilidade que pode se-la apropiada nunha situación específica.

Tornemos agora á cuestión de cómo é que a xente desenvolve a competencia para avaliar e intepretala-lo propósito simbólico. As distincións da figura 2 pretenden explicar, non un estado ideal de coñecemento ou competencia, senón o uso verdadeiro de certas habilidades na articulación e interpetación do significado nas situacións de comunicación.

Aprendemos a articular nunha variedade de modos e códigos simbólicos, de xeito semellante a como aprendemos a intepretpar nun conxunto de maneiras apropiadas. Segundo amosou Gross, a competencia para levar a efecto (a xeito de creador ou intérprete) depende sempre da adquisición de cando menos un mínimo de habilidade articularia nese modo (1974).

A figura 5. 2 diagrama a hipótese que estamos a facer a xeito de modelo dos niveis de habilidades articularias e interpretativas e indica unha serie de estadios de recoñecemento que a xente aplica ós acontecementos sígnicos. Tales estadios ou niveis concíbense tanto xerárquica coma evolutivamente. Son evolutivos porque cremos que se adquiren segundo unha orde específica durante un período de tempo, dependendo da idade, contexto cultural e adestramento comunicativo ou atributivo particular. Sexa como for, non estamos a afirmar que tales habilidades articularias e interpretativas as adquiran tódalas persoas (nin que tódalas persoas adquiran todos estes modos), nin que se fagan a idades cronolóxicas específicas. Dicimos que as habilidades son xerárquicas porque concebimo-la orde que manteñen a xeito de orde de complexidade articularia e intepretativa crecente, unha orde na que cada un dos estadios leva dentro os estadios precedentes. Se ben estamos implicando que o desenvolvemento da competencia para actuar⁶ nos niveis anteriores é necesario para a emerxencia dos niveis posteriores e máis complexos, non estamos a implicar que os niveis máis temperáns desaparezan nin esvaezan. O proceso que concibimos é un proceso de elaboración máis ca de remprazo, moi parecido á progresión que vai de andar de gatiñas a camiñar. En canto aprendemos a camiñar, non perdemo-la habilidade de andar de gatiñas. En canto aprendemos a recoñecer en tódolos niveis, podemos escolle-las nosas estratexias dependendo da nosa avaliación da situación de acontecemento sígnico.

⁶ Ou “levar a efecto”, “actuar”, no or. ing. “perform”.

O primeiro estadio no recoñecemento dun acontecemento sónico, segundo se amosa na figura 2, dáse no nivel da condición persoal, da condición obxectual ou da condición de acontecemento⁷. Tal acontece ó sinxelo nivel perceptual da representación icónica ou da referencia simbólica. Tal acontecemento sónico simbólico (palabra, imaxe, son) ten por acompañante en paridade unha persoa, obxecto, ou acontecemento que aprendimos a xustaporlle nun sinxelo proceso de recoñecemento. Este estadio de discriminación do recoñecemento é o que necesita un neno antes de que se poida desenvolver-la máis sinxela relación signo-referencia. O neno ten que aprender esta técnica de recoñecemento antes de que poida articular verdadeiramente ou usa-lo concepto de signo de ningunha maneira deliberadamente intencional. Antes de que se desenvolva a primeira estratexia de interpretación, ten que entrar en xogo unha consciencia simbólica que lle permita ó neno recoñecer-la relación entre un signo e algunha persoa, obxecto ou acontecemento que é referente no mundo real.

Advirtase, na figura 2, que a frecha vai do recoñecemento de persoa, obxecto e acontecemento, a través do estereotipo persoal e psicosocial, á atribución. Entón, se o neno ve a icona⁸ dun home a quen recoñece por “pai”, a súa interpretación da icona (“picture”) non se baseará no significado de “dentro” da icona tanto coma no significado que está dentro do neno (observador) baseado no que o neno coñece, verbo de “pais”, “o seu pai” e cousas semellantes.

O seguinte nivel de desenvolvemento é o recoñecemento de relacións entre un número de acontecementos sónicos. O recoñecemento de tales relacións é o segundo estadio importante no desenvolvemento da competencia para actuar⁹. Sexa como for, as relacións poden recoñecerse e avaliarse-lo status (segundo amosamos na figura 2), a dous niveis cualitativamente distintos. Gustaríanos distinguir, logo, entre o recoñecemento da sinxela contigüidade existencial e o recoñecemento dunha orde (secuencia ou patrón) intencional. Co recoñecemento da orde é como o observador vai ser capaz de tratar cun acontecemento sónico a xeito de cousa comunicativa máis ca existencial.

A contigüidade consiste na xustaposición de unidades ou acontecementos no espacio, tempo ou posición. Neste contexto, o alfabeto pode concibirse a xeito de exemplo de contigüidade. Recoñecer-la contigüidade do alfabeto require que a persoa comprenda que o A vai antes do B, que vai antes do C, e cousas equivalentes. O recoñecemento de que as formas se repiten de certa maneira nun debuxo, ou de que os obxectos dunha habitación teñen o seu lugar correspondente, é un recoñecemento de contigüidade. As mesmas formas no mesmo deseño poden, noutro contexto que imos abordar críticamente máis adiante, concibirse de maneiras diferentes. O concepto de recoñecemento pon énfase na manipulación cognitiva que a persoa fai dos signos e das súas percepcións, máis do que nalgunha cualidade intrínseca dos acontecementos.

⁷ No or. ing. “*event-ness*”

⁸ Ou “pintura”, no or. ing. “*picture*”.

⁹ Ou “efectuar”, no or. ing. “*to perform*”.

Por outra banda, a orde é unha cualidade máis complexa da disposición simbólica¹⁰. Unha orde é unha serie deliberadamente empregada coa fin de implicar significado -máis do que continuidade- para máis dun acontecemento sónico e que ten a propiedade de portar significado por medio da propia orde, secomasí por medio dos elementos desa orde.

O recoñecemento da orde é resultado de certa consciencia de que certa disposición dos elementos se produciu intencionalmente e con certo propósito, mentres que o recoñecemento da contigüidade só implica a consciencia de que certos elementos se dan xuntos. O uso que facemos do termo orde pretende incluír tanto configuracións espaciais coma temporais. Na pintura e mailas artes gráficas, poño por caso, a orde dáse no espacio máis do que no tempo e está máis relacionada co que decote se chama “deseño” ou “composición”. Imos empregar-la palabra patrón para tal caste de arranxo ou operación espacial no nivel da orde. Ás ordes temporais, segundo se dan nos filmes, na música ou na literatura, podemos chamarlles secuencias.

O recoñecemento do patrón ou secuencia é a ponte cara ó nivel de recoñecemento estrutural. Mentre-los niveis primeiros de recoñecemento tratan de elementos singulares ou de elementos múltiples en contigüidade, o recoñecemento estrutural pide a consciencia das relacións entre elementos e das correspondentes posibilidades implicativas/inferenciais. O recoñecemento estrutural permítelle a un tratar coas relacións entre elementos non contiguos: a fin e mailo remate dunha historia, as variacións sobre un tema, as diferentes perspectivas nun lenzo, e cousas semellantes. A estrutura pode concibirse como aquilo que comeza con certa orde e que é o nivel de organización formal que liga os elementos dun acontecemento comunicativo.

Mantivemos que a articulación e maila interpretación de acontecementos simbólicos poden caracterizarse en termos dunha xerarquía de niveis e que tales niveis representan graos crecentes de complexidade, secomasí diferentes estadios de desenvolvemento. Requiren tamén, para que unha persoa teña a competencia de actuar comunicativamente, a posesión de habilidades de actuación e articulación progresivamente sofisticadas. O máis sinxelo dos acontecementos sónicos consiste nun só elemento ou en elementos sen relación; os acontecementos sónicos complexos son aqueles nos que os elementos están situados en relacións, e nos que as tales relacións están rexidas polos principios organizadores dun código simbólico. Suxerimos tamén que tal xerarquía representa unha secuencia de desenvolvemento, e que a competencia requerida para actuar nos niveis máis altos de articulación e de interpretación han xurdir fundándose nunha competencia anterior adquirida nos niveis inferiores. Esta análise é paralela á do desenvolvemento de destrezas simbólicas específicas, como as de debuxar e pintar, nas que os nenos adquiren un repertorio de elementos, fórmulas racionais e, ó cabo, a habilidade para combinar tales destrezas, intencionalmente, por mor de crear imaxes visualmente significativas e estruturalmente organizadas (Lindstrom, 1962).

Imos tratar agora das estratexias interpretativas ligadas a estes niveis de recoñecemento, segundo se aplican ás representacións mediadas do comportamento. Os acontecementos sónicos que se recoñecen a xeito de acontecementos naturais tómanse a xeito de informativos máis do que comunicativos, e as interpretacións deles fanse en termos do que sabemos, pensamos ou sentimos verbo das persoas, obxectos ou acontecementos que representan ou ós que se refiren. Quere dicir, atribuímos características a elementos-signo recoñecidos fundándonos no noso coñecemento do mundo no que “sabemos” que se atopan. Por exemplo, se vemos un filme dunha entrevista psiquiátrica feito cunha cámara oculta, sentirémonos xustificadas para facer atribucións verbo do paciente, o médico e a natureza da súa relación. Sentirémonos constrinxidos nas nosas interpretacións (na medida en que declaramo-la situación natural por mor do noso coñecemento do que é a cámara oculta) porque pode que non saibamos en qué medida o comportamento que vemos é función de características estables do paciente ou do médico (persoalidade, rol), ou de características transitorias (humor, estado físico), ou da propia situación (unha entrevista psiquiátrica, a primeira entrevista, e cousas semellantes).

Os máis dos adultos da nosa sociedade son conscientes de que o feito de que esas estratexias de atribución sexan apropiadas para a interpretación do filme descrito depende de que o status do filme sexa o de rexistro dun acontecemento natural que aconteceu verdadeiramente no mundo real. Se os operadores de cámara estivesen na habitación durante a entrevista, movéndose por alí e filmando o acontecemento dende varias posicións ou se o filme estivese claramente editado e arranxado polo director, os máis de nós creríamos que estabamos vendo un acontecemento simbólico que se compuxera intencionalmente co obxectivo de implicar algo que o director cinematográfico quixo comunicar. Deberíamos recoñecer que os acontecementos que observamos seleccionáronse e organizáronse nun “todo”, que a estratexia interpretativa apropiada sería a que analizase a estrutura do filme e mailas relacións dos elementos que a compoñen, amáis de incorporar toda interpretación atributiva que puideramos facer verbo da xente que sae no filme fundándonos no noso coñecemento xeral da sociedade.

¹⁰ Ou “actividade simbólica”, no or. ing. “*symbolic arrangement*”.

Se estamos no certo ó presumir que os niveis de recoñecemento e actuación interpretativa que describimos representan unha secuencia evolutiva e non únicamente unha secuencia de complexidade crecente, cabe concluír que a distinción que vimos de precisar non a darían feito os nenos ata acadaren os niveis máis altos de xerarquía. Tal asunción investigouse nunha serie de estudos que nós e mailos nosos estudantes estamos a facer verbo da natureza e desenvolvemento de estratexias interpretativas (Harlan 1972; Messaris 1972; Murphy 1973; Pallenik 1973; Wick 1973; Messaris e Pallenik 1977).

En gran parte desta investigación preocupámonos do desenvolvemento da habilidade dos nenos para contar, con palabras, o que ven a maneira dunha serie de iconas (“*pictures*”) e o que pensan que “significan”. O estudo primeiro e máis elemental fíxose cunhas fotos que amosan unha secuencia que comezaba cun home (doadamente recoñecible a xeito de doutor, por causa da bata branca e mailo estetoscopio), que estaba a facer varias tarefas nun hospital. Saca a bata braca, pon un abrigo, sae do hospital, camiña por unha rúa. A seguinte imaxe amosa ó “doutor” no fondo e logo no lugar de preminencia do plano da porta dun automóbil claramente estragado do que saen colgando a cabeza e mailo brazo dun home. É abondo claro que o home pode estar (ou está) ferido. A seguinte imaxe amosa o “doutor” por diante mirando para o coche e pró ferido que está no fondo do campo. O “doutor” cruza a rúa, segue a camiñar, entra nun apartamento, abre unha porta e, ó cabo, amósasenos descasando, bebendo algo e sorríndolle a unha muller que está preto del (véxase Messaris e Gross 1977).

Murphy (1973) amosoulles estas imaxes a nenos de segundo, quinto e oitavo grao, que logo respoderon a entrevistas individuais para conta-las súas versións da “narración en imaxes”. Murphy investigou a proba que os nenos empregaban á hora de xustifica-las interpretacións. Usamos nos tamén o mesmo deseño (ou concepción) e procedemento con estudantes universitarios de dezasete a vinte e tres anos (Messaris e Gross, 1977).

Nas respostas dos nenos e dos universitarios, distinguimos varias clases de comportamento que parecen paralelas á nosa conceptualización do desenvolvemento da actuación interpretadora. Nos primeiros cursos, os nenos son quen de recoñecer persoas figuradas (ou pintadas: “*pictured*”) en termos de atributos convencionais (doutor, enfermeira) e de referir acontecementos por contigüidade (“O doutor estaba a lle falar á enfermeira...despois saíu do hospital”). Sexa como for, cando se lles pregunta verbo do significado da secuencia en termos do que se implica verbo das persoas e acontecementos figurados (ou representados, “pintados”: “*depicted*”), os nenos deron respostas que eran plenamente consistentes co (e dependentes do) coñecemento social xeral que tiñan das persoas en termos de atributos de rol, mesmo cando tales imaxes estereotipadas foran abertamente contraditas pola información que se lles dera nas imaxes (ou iconas, “*pictures*”).

Por exemplo, tódolos nenos de segundo grao dixeron que lles gustaba o doutor e, cando lles preguntaron por qué era así, dixeron que lles gustaba por que era un doutor:

Pregunta: “Cómo é que sabes que o doutor é boa persoa?”

Resposta: “Porque os doutores son boas persoas.”

Pregunta: “Cómo podes dicir que este era boa persoa?”

Resposta: “Porque era un doutor.”

De xeito semellante, os máis dos rapaces máis novos pensaron que o doutor debera axudar á vítima do accidente, non porque o viran facer tal cousa, senón porque “é o que fan os doutores”. Con efecto, os máis destes rapaces dixeron que “o significado” da historia era que os doutores son bos e que axudan á xente:

P: “Qué foi o máis importante da historia?”

R: “Era un doutor, e axudaba moito á xente.”

P: “Cómo é que o sabes?”

R: “Pois..., penso que axudou á persoa que estaba no coche estragado”

P: “Cómo é que o sabes?”

R: “Pois..., non o sei. Penso que lle axudou, porque para iso están os doutores, para axudar á xente ¿Non é?”

Moitos dos nenos máis novos eran conscientes do accidente, conscientes de que o doutor non axudou, e malia todo dicían que o home era un “bo doutor,” porque “os doutores son bos –porque axudan á xente.” O que lle atribuíron ó doutor fundándose na aprendizaxe previa verbo dos doutores en calidade de clase era máis poderoso do que calquera outra estratexia interpretativa que fosen capaces de aplicar.

Diríamos que, neste estadio, os nenos están a usar estratexias de interpretación atributivas. Non se trata tanto das interpretacións como das razóns que adiantan para as respostas que determinan a nosa clasificación: poñen en funcionamento coñecemento que teñen do exterior, coñecemento que ten pouca

ou ningunha relación co conxunto de iconas (ou imaxes “*pictures*”) que lles amosan (Donaldson 1971). O uso que os nenos fan das estratexias atributivas fúndase na súa avaliación de que os acontecementos que ven nas imaxes (“*pictures*”) son acontecementos reais, naturais e deben, logo, te-lo mesmo significado que os rapaces aprenderon a lles asignar a tales acontecementos cando os experimentaron directamente:

P: “¿Por qué pensas que [as imaxes] son de verdade?”

R: “Porque os doutores van a casa.”

P: “Cómo sabes iso?”

R: “Porque o meu tío é doutor, faino el propio.”

A idade máis avazada, os nenos empezan a se decatarse de que as imaxes, de feito, non son puro rexistro dos acontecementos naturais. Decátanse de que é moi improbable que tal secuencia complexa poida captarse en imaxes, de non ser que se escenifique: “Un rapaz que vai pensar que algunha cousa anda mal cando, a cada minuto, aparece un tipo diante del e saca unha foto.” O neno máis novo capta a “condición de realidade”¹¹ de cada parte da secuencia; o rapaz máis vello decatouse de que as súas avaliacións deben facerse en termos de todo un conxunto de elementos.

Por motivos de ilustración e aforro de espazo, imos compor unha entrevista que nos permita indicarllos diferentes tipos de respostas que se implican no recoñecemento estrutural, na presunción de intencións e nas interpretacións implicativas/inferenciais. O que vai a seguir sería un exemplo de entrevista pola que poderíamos xulgar que o neno está a despreparar certo coñecemento da estrutura e da implicación/inferencia.

Entrevistador: “Poderías dicirme algunha cousa verbo das imaxes que viches?”

Neno: “Queres dici-la historia?”

Entrevistador: “É.”

Neno: “Pois..., non axudou ó tipo aquel do accidente.”

Entrevistador: “Cómo o sabes?”

Neno: “Se quixeran que pensase que o axudou, porían un plano del cun estetoscopio ou algo parecido, dobrándose sobre o coche. Sacaríanlo axudando.”

Advírtanse os conceptos implicados nesta interpretación infantil. En primeiro lugar, refírese ó conxunto de imaxes a xeito de “historia”, recoñece a estrutura da historia. Di logo, “Se quixeran que pensase...,” indicando claramente (1) que a “historia” “preséntanlla” a el os que fan o experimento, (2) que o “narrador” pode querer que el (o espectador) pense seguindo certas liñas, e (3) que a información vén dunha “toma” que se inxire ou omite á vontade.

Con todo, o máis importante é que a interpretación que fai do doutor baséase nun proceso que é claramente inferencial: sabe que para a súa interpretación pode usar só, ou fundamentalmente, a información que se lle dá no acontecemento comunicativo. A implicación/inferencia comunicativa require xusto este tipo de comportamento. O neno ten que subordinar o que xa sabe verbo dos doutores ó que sabe verbo das regras e convencións da comunicación, e ten que usar-la información dada pola estrutura que recoñeceu (Donaldson 1971).

Cando un neno (ou, pró caso, un adulto) non dá recoñecido a estrutura, fará interpretacións por medio da atribución. Cando recoñece a estrutura, sabe que se requiren as estratexias de interpretación inferencial. As razóns deste coñecemento están imbricadas no recoñecemento da estrutura, pois para ese recoñecemento é fundamental o que chamamos a presunción da intención.

A intención non é dato empírico ningún, nin é verificable polo resultado da interpretación. O proceso verificador é o feito de que o intérprete dá razóns para o significado que infire, fundándose nas implicacións que obtén das mensaxes. É a caste de razóns das interpretacións que distingue entre atribución de significado e inferencias de significado. É importante recoñecer que unha relación isomórfica entre uns signos e a interpretación deses signos non é cousa suficiente nin necesaria para describir unha interpretación nin a xeito de acto de interacción co entorno nin a xeito de acontecemento comunicativo.

A intención é unha presunción que se fai verbo dun acontecemento, permitíndonos trata-los elementos dese acontecemento a xeito de elementos sgnicos nunha estrutura que implica, e da que podemos inferir,

¹¹ No or. ing. : “the “realness””

significado. Na figura 2, a presunción contrasta coa presunción de existencia. Reservamo-lo uso da palabra comunicación para as situacións nas que hai presunción de intención.

Nesta altura xa debería ficar claro que, cando usamo-lo termo presunción de intención, queremos que se entenda a xeito de “presunción de intención de significar.” A interpretación consiste, no senso comunicativo, nun proceso polo que X (o intérprete) trata Y (o enunciado, signo ou mensaxe) de maneira tal que a intención asumida é para X unha razón (Grice 1957) para a súa interpretación, en troques dunha pura causa dela. É por isto polo que a proba empírica da presunción de intención non é a “corrección” do propósito interpretado, senón máis ben a razón e mailo razoamento dado polos enquisados.

Bótase de ver que a presunción de intención está en mans do intérprete, así coma do articulador. Alén diso, o intérprete pode distinguir, e estima importante distinguir, entre o que “suxiren” os signos, o que el “atribúe” ós signos, e o que “infire” dos signos.

Esta concepción (ou “conceptualización”) de intención e significado difire de moitas teorías do significado referenciais, comportamentais e semióticas que non se preocupan pola implicación, inferencia e intención. Estamos a manter, por exemplo, que unha teoría do estímulo-resposta ou unha sinxela teoría da aprendizaxe (condicionamento) que defina o significado a xeito de tendencia a se comportar de certa maneira perante a presentación de signos ou de estímulos condicionados é totalmente inadecuada para a interpretación do comportamento simbólico humano.

Expuxemos unha descrición breve dun xeito novo de examina-lo concepto de interpretación. En primeiro lugar, suxerimos que a interpretación se aprecia mellor nun marco de comunicación exhaustivo que distingue entre interacción “natural” e comunicación. Suxerimos tamén que o proceso de interpretación dáse sempre que se usan signos e sempre que as interpretacións se poden facer en situacións que non son comunicativas. Cando se fan tales interpretacións, describímolos a xeito de atribucións.

En segundo lugar, presentamos un concepto tanto xerárquico coma evolutivo por medio do cal se pode describi-lo proceso de interpretación e articulación. Describimos despois unha unha serie de etapas de recoñecemento que culminan nun proceso de implicación e inferencia dentro do que se dá a comunicación (que é un acontecemento social).

En terceiro lugar, presentamos, a xeito de constructos teóricos básicos, o concepto de que a presunción de existencia leva ás estratexias atributivas de interpretación e o concepto de que a presunción de intención leva ás estratexias implicativas/inferenciais tanto da articulación coma da interpretación. Dixemos logo que a asunción de intención está moi intimamente aliada co concepto de intención de significar e que, daquela, a implicación e maila inferencia, segundo usamo-los termos, suxiren implicación de significado e inferencia de significado.

Mantivemos que a intencionalidade (cando se usa en relación coa comunicación) é sempre unha presunción. O articulador significa¹² para implicar; o intérprete significa¹³ para inferir. A intención, logo, non se verifica por medio de isomorfismo ningún entre implicación e inferencia, nin por isomorfismo ningún entre individuos que veñan ser articuladores ou intérpretes. A intención verificácase polas convencións da responsabilidade social, polas convencións de lexitimidade e polas regras, xéneros e estilos de articulación e actuación. Son estas as bases que fan que as nosas presuncións sexan razoables, xustificables, sociais e comunicativas.

Bibliografía

Donaldson, Margaret. 1971. Preconditions of Inference. En *Nebraska Symposium on motivation*, ed. J. K. Cole, pp. 81-106. Lincoln, Neb. : University of Nebraska Press.

Grice, H. P. 1957. Meaning. *The Philosophical Review* 66: 3.

Gross, Larry. 1973. Art as the communication of competence. *Social Science Information* 12: 115-41.

Harlan, Thomas A. 1972. Viewing behavior and interpretive strategies of a photographic narrative as a function of variation in story title and subject age. Master’s thesis, Annenberg School of Communications, University of Pennsylvania.

Lindstrom, Miriam. 1962. *Children’s art*. Berkeley: University of California Press.

Messarís, S. Paul. 1972. Attribution and inference in the interpretation of filmed behavior. Master’s thesis, Annenberg School of Communication, University of Pennsylvania.

Messarís, S. Paul e Gross, Larry. 1977. Interpretations of a photographic narrative by viewers in four age groups. *Studies in the Anthropology of Visual Communication* 4: 99-111.

¹² Ou “quere dar(se) a entender”, no or. ing. “means”

¹³ Ou “quere dar(se) a entender”, no or. ing. “means”

Messaris e Pallenik, Michael. 1977. Attribution and inference in the interpretation of candid and staged film events. *Studies in the Anthropology of Visual Communication* 4: 51-58.

Pallenik, Michael J. 1973. The use of attributional and inferential strategies in the interpretation of "staged" and "candid" events. Master's thesis. Annenberg School of Communications, University of Pennsylvania.

Wick, Thomas M. 1973. Attributional and inferential interpretive strategies and variation in their application to written communications as a function of training and format. Master's thesis, Annenberg School of Communications, University of Pennsylvania.